


ACTIVIDADES SELECTIVIDADE

1. Representa a fórmula xeral dun aminoácido e indica qué tipo de enlace se forma entre dous aminoácidos. Que é un encima? Cales son os principais factores que afectan á actividade enzimática? Razoa a resposta. Cita dúas propiedades dos enzimas polas que se poidan considerar como biocatalizadores. **Xuño 2010. Opción 1**
2. Represente a fórmula xeral dun aminoácido e indique que tipo de enlace se forma entre dous aminoácidos. Cales son os principais factores que afectan á actividade enzimática? Razoe a resposta. Cite dúas propiedades dos enzimas polas que se poidan considerar como biocatalizadores. **Setembro 2013. Opción B**
3. Cal é a natureza química das enzimas? Represente graficamente e explique a relación entre a velocidade dunha reacción enzimática e a concentración de substrato. Que é o centro activo da enzima? Que é un inhibidor enzimático? **Setembro 2015. Opción A**
4. En relación coas enzimas: a) Indique tres características fundamentais. b) Defina enzima e centro activo. c) A figura mostra a variación da velocidade dunha reacción en presenza de dúas enzimas distintas (A e B) que actúan sobre o mesmo substrato (S). Cal das dúas enzimas presenta maior afinidade polo substrato? Razoe a resposta. **Convocatoria ordinaria 2020**



5. Como se ve afectada a velocidade dunha reacción catalizada por un encima: a) se aumenta a concentración do substrato; b) se se engade un inhibidor do encima; e c) se aumenta a temperatura. Xustifica as respostas. d) Define centro activo e apoenzima. **Convocatoria ordinaria 2021**
6. Na gráfica de cinética enzimática que se amosa na figura 1, represéntase a velocidade de reacción dun encima (eixo vertical) con respecto á concentración de substrato (eixo horizontal) en ausencia (A) e en presenza (B) dun inhibidor competitivo. A) Indique a que fan referencia as liñas horizontais sinaladas polos números 1 e 2. B) A que se refiren os números 3 e 4? C) Que conclusión pode obterse desta gráfica? D) Como se denomina o proceso que lle sucede a un encima ao superar os 60°C? En que consiste e que consecuencias ten? **Convocatoria ordinaria 2023**




Figura 1